

Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 23 DE MARZO DE 2017

Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Concelleiras e concelleiros ausentes:

Don Francisco García Dios.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día vinte e tres de marzo de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 9 DE MARZO DE 2017.

Remitido ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros o texto da acta da sesión ordinaria realizada o nove de marzo de dous mil dezasete por esta Xunta de Goberno Local, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DO NICHU 48-A3 NO CEMITERIO MUNICIPAL DO SANTIAGUIÑO DO MONTE FORMULADA POR ROSA RODRÍGUEZ REY.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2017:

<<Antecedentes de feito.

Primeiro. O 25 de xaneiro de 2017 don Xosé Anxo Rodríguez Rey, en nome e representación de Funeraria Pompas Fúnebres de Padrón, SLU, presenta no rexistro municipal unha solicitude de apertura no Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte do nicho 48/A3 para o enterramento de don Gerardo Rodríguez Pereira. Achega coa solicitude a licenza para dar sepultura, expedida polo Xuíz do Rexistro Civil de Padrón (A

Coruña) o 22 de xaneiro de 2017, na que se consta como data da defunción o 21 de xaneiro de 2017.

Segundo. Compróbase no Libro Rexistro de Nichos do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte que o nicho 48/A3 está libre.

Terceiro. O 20 de febreiro de 2017 dona Rosa Rodríguez Rey solicita que a autorización para o uso do nicho se faga ao seu nome en tanto que é a familiar do falecido. Achega coa solicitude copia do seu DNI.

Cuarto. Por Providencia do Concelleiro delegado de servizos públicos básicos do 20 de marzo de 2017 solicítase informe da secretaria municipal sobre a petición, o cal resulta emitido ese mesmo día.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o disposto no Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, e na Ordenanza fiscal número 9 do Cemiterio Municipal, publicada no BOP 19 do 23 de xaneiro do 2008.

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para o outorgamento de licenzas de todo tipo e que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Autorizar a dona Rosa Rodríguez Rey a inhumación de don Gerardo Rodríguez Pereira, falecido o 21 de xaneiro do 2017, no nicho número 48-A3 do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, nas seguintes condicións:


- a) Serán de conta do solicitante as labores inhumación, así como as de deixar en perfectas condicións o nicho.
- b) A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.

Segundo. Outorgar a dona Rosa Rodríguez Pereira autorización temporal por 5 anos, contados desde a inscrición no Rexistro Civil da defunción (21 de xaneiro do 2017), para uso do nicho número 48-A3 situado no Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, nas seguintes condicións:

- a) A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.
- b) A presente autorización de uso non exime á persoa titular da obriga de obter o correspondente permiso municipal por cada inhumación, exhumación ou traslado de cadáveres ou restos cadavéricos ou o depósito destes últimos ou cinzas.
- c) Transcorridos os cinco anos, esta autorización poderá ser prorrogada por, como máximo, outros 5 anos máis, sempre e cando se abone a correspondente Taxa.

Transcorridos o 1º período de 5 anos ou a prórroga, de selo caso, extinguirase a autorización de uso e a administración municipal, en canto titular do Cemiterio, poderá dispoñer que os restos mortais contidos na sepultura se leven á fosa común ou ó osario, segundo o estado no que se atopen, e que se retiren as cruces, lápidas e demais posibles emblemas que haxa na sepultura e se depositen no lugar que se destine para elo.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben,



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado á Intervención e Tesourería municipais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

3.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DO NICHU 44-A3 NO CEMITERIO MUNICIPAL DO SANTIAGUIÑO DO MONTE FORMULADA POR ANDRÉS LESTIDO GONZÁLEZ.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2017:

<<Antecedentes de feito.

Primeiro. O pasado día 19 de abril de 2016 don Andrés Lestido González solicita autorización do uso do nicho número 44-A3 do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, e a súa apertura para o enterramento de dona Teresa González Calvo.

Segundo. Achega coa solicitude a licenza para dar sepultura a dona Teresa González Calvo, falecida o 16 de abril do 2016, expedida polo Xuíz do Rexistro Civil de Riveira do día 17 de abril do 2016.

Terceiro. Compróbase no Libro Rexistro de Nichos do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte que o nicho 44-A3 está libre.

Cuarto. Por Providencia do Concelleiro delegado de servizos públicos básicos do 20 de marzo de 2017 solicítase informe da secretaria municipal sobre a petición, o cal resulta emitido ese mesmo día.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o disposto no Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, e na Ordenanza fiscal número 9 do Cemiterio Municipal, publicada no BOP 19 do 23 de xaneiro do 2008.

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para o outorgamento de licenzas de todo tipo e que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Autorizar a don Andrés Lestido González a inhumación de dona Teresa González Calvo, falecida o 16 de abril do 2016, no nicho número 44-A3 do Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, nas seguintes condicións:

- a) Serán de conta do solicitante as labores inhumación, así como as de deixar en perfectas condicións o nicho.
- b) A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.

Segundo. Outorgar a don Andrés Lestido González autorización temporal por 5 anos, contados desde a inscrición no Rexistro Civil da defunción (16 de abril do 2016), para uso do nicho número 44-A3 situado no Cemiterio Municipal do Santiaguíño do Monte, nas seguintes condicións:

- A presente autorización queda condicionada ao pagamento previo da Taxa de cemiterio municipal establecida na Ordenanza fiscal número 9 reguladora da mesma.
- A presente autorización de uso non exime á persoa titular da obriga de obter o correspondente permiso municipal por cada inhumación, exhumación ou traslado de cadáveres ou restos cadavéricos ou o depósito destes últimos ou cinzas.
- Transcorridos os cinco anos, esta autorización poderá ser prorrogada por, como máximo, outros 5 anos máis, sempre e cando se abone a correspondente Taxa.

Transcorridos o 1º período de 5 anos ou a prórroga, de selo caso, extinguirase a autorización de uso e a administración municipal, en canto titular do Cemiterio, poderá dispoñer que os restos mortais contidos na sepultura se leven á fosa común ou ó osario, segundo o estado no que se atopen, e que se retiren as cruces, lápidas e demais posibles emblemas que haxa na sepultura e se depositen no lugar que se destine para elo.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado á Intervención e Tesourería municipais.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

4.- PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS DA FUNCIONARIA DONA MARÍA JOSÉ FERNÁNDEZ DOPAZO NO POSTO DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVO BASE DO DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA, CÓDIGO 01.00.02 DA RPT.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2017:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión do 23 de marzo do 2016, adscribeuse provisoriamente en comisión de servizos a dona María José Fernández Dopazo, funcionaria do Concello de Padrón titular do posto de traballo de auxiliar-administrativo do departamento de secretaría (código 01.00.03.06 da RPT), ao posto de traballo de administrativo base do mesmo departamento (código 01.00.02 da RPT), por un período máximo dun ano (ou antes si o titular do posto se tivera reincorporado ao mesmo).

Segundo. A funcionaria dona María José Fernández Dopazo tomou posesión do posto de administrativo base o 1 de abril do 2016.

Terceiro. Por Providencia do Concelleiro delegado de persoal do 20 de marzo do 2017 ordenouse á secretaria municipal a redacción dunha proposta de prórroga da comisión de servizos aprobada por un ano máis dado que o titular do posto 01.00.03.06 (don Francisco José Chenlo González) foi declarado na situación de de incapacidade permanente no grao de total aínda que revisable por melloría antes de 2 anos, prazo que rematará o vindeiro 9 de maio do 2018.

Cuarto. O 20 de marzo do 2017 redáctase a proposta de prórroga e emítase o informe de fiscalización do interventor municipal accidental.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O artigo 6.2 do Decreto 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia, e o 4.5 do Decreto 92/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicables á administración local segundo os seus artigos 1, prevé que as comisións de servizos serán prorrogables por un ano máis ou ata a resolución do seguinte concurso, sempre que a praza siga vacante.

Segundo. O artigo 64.3. do Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, de aplicación supletoria á Administración Local segundo o sistema de fontes recollido no artigo 134.2 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réximen local, prevé tamén esta posibilidade de prórroga por un ano máis.

Terceiro. Considerando que o Acordo da Comisión superior de persoal da Administración Xeral do Estado do 13 de marzo do 1987 admite que as prazas ocupadas por funcionarios na situación de incapacidade temporal poidan ser ocupadas provisoriamente mediante comisión de servizos, e así recolle literalmente a súa parte dispositiva "*en el desempeño de las tareas propias del puesto de trabajo del funcionario dado de baja por las causas antedichas, éste puede ser sustituido por otro en comisión de servicios, de conformidad a lo previsto en el Reglamento de Situaciones Administraciones, de 11 de abril de 1986*".

Cuarto. Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde polo artigo 21.1.h) e g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, delegadas na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Prorrogar, con efectos desde o 23 de marzo do 2017, a adscrición provisoria de dona María José Fernández Dopazo ao posto de traballo de administrativo base (código 01.00.02 da RPT) en comisión de servizos, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de marzo do 2016, por un período máximo dun ano ou antes si o funcionario co dereito á reserva deste posto de traballo se reincorpora ao mesmo.

Segundo. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa, e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes desde a recepción da notificación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Comunicar a presente resolución á Intervención municipal e aos delegados de persoal do Concello e dar conta ao pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

5.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE PATIO EN INMOBLE SITO NO LUGAR DE LUÁNS Nº 29, FORMULADA POR DON FERNANDO CALVIÑO CASAL. EXPEDIENTE 114/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 29 de xuño de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5746, solicitude de licenza municipal de obras de acondicionamento de patio de inmovible sito no lugar de Luáns nº 29, con referencia catastral 8523606NH2382S0001ZD, formulada por D. Fernando Calviño Casal. Achégase coa solicitude orzamento, datos catastrais e fotografías, así coma copia da cartografía do PXOM.

Segundo. En data 3 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorización da Consellería de Cultura, Servizo de Patrimonio para as mesmas.

Terceiro. En data 5 de outubro de 2016 remítese oficio á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Ministerio de Fomento, acompañando o informe técnico requirido, así coma ao Servizo de Patrimonio Histórico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, aos efectos de tramitar as correspondentes autorizacións sectoriais.

Cuarto. En data 14 de marzo de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2210, resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 10 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas.

Quinto. En data 20 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. En base ao informado polo arquitecto técnico municipal en data 3 de outubro de 2016 e o contido literal do informe do asesor xurídico en materia de urbanismo de data 20 de marzo de 2017, do que se transcribe un extracto a continuación, de conformidade co disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

Primeiro. Con carácter previo debemos facer constar que en data 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que deroga a lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG). Isto quere dicir que á data de iniciación do expediente xa estaba en vigor a nova normativa, que resultará de aplicación ao mesmo.

O indicado ten relevancia dado que unha das novidades da lei resulta ser que coma consecuencia da dualidade de títulos habilitantes para levar a cabo obras ou usos do solo e subsolo, entre comunicacións previas e actos sometidos a licenza municipal, e coma consecuencia de estaren reservadas as anteriormente denominadas obras menores, de escasa entidade construtiva e económica, ao réxime de comunicación previa, desaparece da nova normativa a excepción da obriga de achegar proxecto técnico completo redactado por técnico competente cando se trataba de obras menores, no entendido de que ao se tratar dun acto sometido a licenza pola súa maior complexidade, todas estas obras precisarán de tal proxecto.

Sucede sen embargo que no caso que nos ocupa, ao día da iniciación do expediente aínda non se tiña establecido un novo procedemento no servizo municipal de urbanismo que solventase o problema dos actos de uso do solo e subsolo solicitados dentro das zonas de protección en materia de patrimonio histórico.

Xa se puxo de relevancia en numerosos informes que a introducción das comunicacións previas contaba cunha importante traba procedimental cando se trataba de obras de escasa entidade no ámbito dun Ben de Interese Cultural ou ben nas zonas definidas polo planeamento coma sometidas a autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico. Isto era así debido a que obras que en principio pola súa entidade estarían sometidas ao réxime de comunicación previa, non podían presentarse de forma completa dado que tales intervencións requirían unha autorización sectorial que tiña que ser tramitada a través do Concello. Combinando as opcións disponibles coa lei 9/2002, optouse por tramitar tales solicitudes coma licenza municipal, de xeito que se tramitase polo Concello a correspondente autorización sectorial contando xa co informe técnico municipal favorable. O feito de que foran obras menores implicaba que estaban excluídas da necesidade de aportación de proxecto técnico completo.

Este sistema non se pode manter na actualidade debido a que o artigo 143.3 da Lei do Solo de Galicia



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

somete a tódalas solicitudes de licenza sen excepción á obriga de achegar o devandito proxecto técnico completo. Na actualidade, dende o departamento de urbanismo se está a elaborar un formulario de solicitude de informe previo e de tramitación da autorización sectorial en materia de patrimonio que os interesados promoverán perante o Concello para, unha vez recibida a autorización sectorial, proceder a achegar a oportuna comunicación previa.

No caso que nos ocupa, debido á demora na adaptación dos citados procedementos administrativos, o expediente se tramitou polos canles definidos con anterioridade á entrada en vigor da Lei do Solo, co cal nos atopamos perante unha solicitude de licenza que non conta con proxecto técnico completo redactado por técnico competente. Este feito non se axusta ao disposto no referido artigo 143.3 da Lei do Solo de Galicia. Nembargantes, dado que a finalidade última do procedemento é a obtención dun título habilitante de natureza urbanística, e os efectos para o interesado son iguais tanto no caso de que o título en cuestión sexa unha licenza de obras coma se é unha comunicación previa, entendemos procede proseguir coa tramitación coma licenza de obras coas precisións apuntadas.

Segundo. Polo exposto, entendemos que procede neste punto plantexar o xeito de reconducir a tramitación do expediente de xeito que éste discorra polo procedemento establecido. O artigo 146.1 da Lei do Solo de Galicia refire a documentación a achegar xunto coa comunicación previa.

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: No presente caso, se refiren tódalas características do acto na solicitude, memoria orzamentos e informe técnico municipal. Acondicionamento de patio exterior de inmovible mediante rebaixado do terreo nuns 80 cm e posterior formación de piso de formigón.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Non se conta coa devandita manifestación expresa, se ben se verifica a través do informe técnico que a intervención se axusta á ordenación urbanística en vigor.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Cóntase coa resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 10 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adotar as medidas de constrinximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Polo tanto, conxugando o principio de eficacia que debe presidir tódala actividade administrativa, teríamos dúas opcións: ou ben requirir ao solicitante para que presente a correspondente comunicación previa, o que depararía unha nova dilación na tramitación do expediente, dilación non imputable en ningún caso ao interesado, xa que unha vez presentada a comunicación previa o interesado deberá agardar 15 días hábiles para acometer as obras, de conformidade co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo de Galicia, ou ben considerar as circunstancias do caso e dado que a intervención cumpre con toda a normativa urbanística, conta con tódolos informes sectoriais de aplicación e o solicitante ten manifestado de forma indubidada a súa vontade de acometer as obras, outorgar a licenza solicitada sen máis trámites.

Inclinámonos por esta derradeira opción. As deficiencias de orde técnico ou procedimental non deben

repercutir no administrado, e debemos ter en conta que as licenzas de obras supoñen o recoñecemento dun dereito, e que a actividade da administración se limita a comprobar a concorrencia dos requisitos para obter unha licenza, estando obrigada a outorgar a mesma se as obras se axustan á normativa urbanística de aplicación. Neste senso, e dado que se conta con tódalas autorizacións sectoriais, e que a o solicitante consta con tódolos seus datos personais, e que a intervención está exenta conforme a lei de ordenación da edificación de contar cun proxecto técnico, non se deben introducir dilacións indebidas, concluíndo o expediente cun acto administrativo habilitante para levar a cabo as obras solicitadas.

Terceiro. *O inmovible obxecto de actuación sitúase en terreos cualificados polo planeamento municipal coma SOLO URBANO RESIDENCIAL DE NÚCLEO RURAL (URNU). O planeamento municipal non se atopa adaptado á LOUG, polo que debemos aplicar o réxime transitorio establecido pola Lei do Solo de Galicia para tal suposto. Nos casos de terreos clasificados coma urbanos polo planeamento non adaptado, lles resulta de aplicación o disposto pola Lei do Solo para o solo urbano consolidado.*

O uso previsto polo planeamento para o solo URNU é o residencial e outros usos compatibles. A intervención é compatible co uso principal do inmovible e as condicións de edificación para o mesmo.

Cuarto. *O inmovible obxecto de actuación se sitúa dentro da Zona de Protección do Camiño Portugués de Santiago, polo que precisaría de autorización sectorial en materia de protección do Patrimonio conforme a Lei de Patrimonio de Galicia, nembargantes coma se reflicte nos antecedentes administrativos a Consellería declinou someter o expediente a autorización sectorial dada a escasa entidade das obras, en aplicación do principio de proporcionalidade na actuación administrativa.*

Quinto. *Non son necesarias outras autorizacións sectoriais para a intervención solicitada.*

Segundo. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a

Segundo. En base ó establecido no 357.4 do RLS, fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL DE NÚCLEO RURAL (URNU), solo urbano consolidado conforme o réxime transitorio da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Acondicionamento de patio de vivenda.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 1.450,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Luáns nº 29, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D. Fernando Calviño Casal
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 145 da Lei do Solo de Galicia.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

6.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE LIMPEZA DE CUBERTA EN INMOBLE SITO NO LUGAR DE ESCRAVITUDE Nº 21, FORMULADA POR DONA MARÍA DOLORES FORJÁN VARELA. EXPEDIENTE 92/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 24 de maio de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4461, solicitude de licenza municipal de obras de limpeza de cuberta de inmoible sito no lugar de Escravitude nº 21, con referencia catastral 8770901NH2378S0001JL, formulada por D^a. María Dolores Forján Varela. Achégase coa solicitude orzamento, datos catastrais e fotografías, así coma copia da cartografía do PXOM.

Segundo. En data 3 de xuño de 2016 ten entrada no Concello oficio da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia solicitando informe municipal para a tramitación da autorización para as obras por se executar en zonas de protección de estradas. En data 29 de setembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorización da Consellería de Cultura, Servizo de Patrimonio para as mesmas.

Terceiro. En data 29 de setembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas referindo a necesidade de contar con autorización da Consellería de Cultura, Servizo de Patrimonio para as mesmas. Emítese así mesmo informe técnico para a súa remisión á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Ministerio de Fomento.

Cuarto. En data 3 de outubro de 2016 remítese oficio á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, Ministerio de Fomento, acompañando o informe técnico requirido, así coma ao Servizo de Patrimonio Histórico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, aos efectos de tramitar as correspondentes autorizacións sectoriais.

Quinto. En data 14 de marzo de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2212, oficio da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que devolve o expediente administrativo por considerar que as obras non están sometidas a autorización sectorial en materia de protección do patrimonio.

Sexto. En data 17 de marzo de 2017 ten entrada no Concello escrito da interesada achegando autorización de data 25 de xullo de 2016 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para a execución das obras

obxecto do expediente.

Sétimo. En data 20 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa a solicitude.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. En base ao informado polo arquitecto técnico municipal en data 29 de setembro de 2016 e o contido literal do informe do asesor xurídico en materia de urbanismo de data 20 de marzo de 2017, do que se transcribe un extracto a continuación, de conformidade co disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

Primeiro. Con carácter previo debemos facer constar que en data 19 de marzo de 2016 entrou en vigor a lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que deroga a lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG). Isto quere dicir que á data de iniciación do expediente xa estaba en vigor a nova normativa, que resultará de aplicación ao mesmo.

O indicado ten relevancia dado que unha das novidades da lei resulta ser que coma consecuencia da dualidade de títulos habilitantes para levar a cabo obras ou usos do solo e subsolo, entre comunicacións previas e actos sometidos a licenza municipal, e coma consecuencia de estaren reservadas as anteriormente denominadas obras menores, de escasa entidade construtiva e económica, ao réxime de comunicación previa, desaparece da nova normativa a excepción da obriga de achegar proxecto técnico completo redactado por técnico competente cando se trataba de obras menores, no entendido de que ao se tratar dun acto sometido a licenza pola súa maior complexidade, todas estas obras precisarán de tal proxecto.

Sucede sen embargo que no caso que nos ocupa, ao día da iniciación do expediente aínda non se tiña establecido un novo procedemento no servizo municipal de urbanismo que solventase o problema dos actos de uso do solo e subsolo solicitados dentro das zonas de protección en materia de patrimonio histórico.

Xa se puxo de relevancia en numerosos informes que a introducción das comunicacións previas contaba cunha importante traba procedimental cando se trataba de obras de escasa entidade no ámbito dun Ben de Interese Cultural ou ben nas zonas definidas polo planeamento coma sometidas a autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico. Isto era así debido a que obras que en principio pola súa entidade estarían sometidas ao réxime de comunicación previa, non podían presentarse de forma completa dado que tales intervencións requirían unha autorización sectorial que tiña que ser tramitada a través do Concello. Combinando as opcións disponibles coa lei 9/2002, optouse por tramitar tales solicitudes coma licenza municipal, de xeito que se tramitase polo Concello a correspondente autorización sectorial contando xa co informe técnico municipal favorable. O feito de que foran obras menores implicaba que estaban excluídas da necesidade de aportación de proxecto técnico completo.

Este sistema non se pode manter na actualidade debido a que o artigo 143.3 da Lei do Solo de Galicia somete a tódalas solicitudes de licenza sen excepción á obriga de achegar o devandito proxecto técnico completo. Na actualidade, dende o departamento de urbanismo se está a elaborar un formulario de solicitude de informe previo e de tramitación da autorización sectorial en materia de patrimonio que os interesados promoverán perante o Concello para, unha vez recibida a autorización sectorial, proceder a achegar a oportuna comunicación previa.

No caso que nos ocupa, debido á demora na adaptación dos citados procedementos administrativos, o expediente se tramitou polos canles definidos con anterioridade á entrada en vigor da Lei do Solo, co cal nos atopamos perante unha solicitude de licenza que non conta con proxecto técnico completo redactado por técnico competente. Este feito non se axusta ao disposto no referido artigo 143.3 da Lei do Solo de Galicia. Nembargantes, dado que a finalidade última do procedemento é a obtención dun título habilitante de natureza urbanística, e os efectos para o interesado son iguais tanto no caso de que o título en cuestión sexa unha licenza de obras coma se é unha comunicación previa, entendemos procede proseguir coa tramitación coma licenza de obras coas precisións apuntadas.

Segundo. Polo exposto, entendemos que procede neste punto plantexar o xeito de reconducir a tramitación do expediente de xeito que este discorra polo procedemento establecido. O artigo 146.1 da Lei do Solo de Galicia refire a documentación a achegar xunto coa comunicación previa.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible: No presente caso, se refiren tódalas características do acto na solicitude, memoria orzamentos e informe técnico municipal. Obras de limpeza da cuberta existente, de simple conservación e mantemento.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Non se conta coa devandita manifestación expresa, se ben se verifica a través do informe técnico que a intervención se axusta á ordenación urbanística en vigor.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Cóntase coa autorización autorización de data 25 de xullo de 2016 da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para a execución das obras, así coma oficio do Servizo de Patrimonio Histórico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria referindo o non sometemento da intervención a autorización sectorial en aplicación do principio de proporcionalidade.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requiríla o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adotar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Polo tanto, conxugando o principio de eficacia que debe presidir tódala actividade administrativa, teríamos dúas opcións: ou ben requirir ao solicitante para que presente a correspondente comunicación previa, o que depararía unha nova dilación na tramitación do expediente, dilación non imputable en ningún caso ao interesado, xa que unha vez presentada a comunicación previa o interesado deberá agardar 15 días hábiles para acometer as obras, de conformidade co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo de Galicia, ou ben considerar as circunstancias do caso e dado que a intervención cumpre con toda a normativa urbanística, conta con tódolos informes sectoriais de aplicación e o solicitante ten manifestado de forma indubitada a súa vontade de acometer as obras, outorgar a licenza solicitada sen máis trámites.

Inclinámonos por esta derradeira opción. As deficiencias de orde técnico ou procedimental non deben repercutir no administrado, e debemos ter en conta que as licenzas de obras supoñen o recoñecemento dun dereito, e que a actividade da administración se limita a comprobar a concorrencia dos requisitos para obter unha licenza, estando obrigada a outorgar a mesma se as obras se axustan á normativa urbanística de aplicación. Neste senso, e dado que se conta con tódalas autorizacións sectoriais, e que a o solicitante consta con tódolos seus datos persoais, e que a intervención está exenta conforme a lei de ordenación da edificación de contar cun proxecto técnico, non se deben introducir dilacións indebidas, concluíndo o expediente cun acto administrativo habilitante para levar a cabo as obras solicitadas.

Terceiro. O inmovible obxecto de actuación sitúase en terreos cualificados polo planeamento municipal coma SOLO URBANO RESIDENCIAL DE VIVENDA FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI). O planeamento municipal non se atopa adaptado á LOUG, polo que debemos aplicar o réxime transitorio establecido pola Lei do Solo de Galicia para tal suposto. Nos casos de terreos clasificados coma urbanos polo planeamento non adaptado, lles resulta de aplicación o disposto pola Lei do Solo para o solo urbano consolidado.

O uso previsto polo planeamento para o solo URFI é o residencial e outros usos compatibles. A intervención é compatible co uso principal do inmovible e as condicións de edificación para o mesmo.

Cuarto. *O inmoble obxecto de actuación se sitúa dentro da Zona de Protección do Camiño Portugués de Santiago, polo que precisaría de autorización sectorial en materia de protección do Patrimonio conforme a Lei de Patrimonio de Galicia, nembargantes coma se reflicte nos antecedentes administrativos a Consellería declinou someter o expediente a autorización sectorial dada a escasa entidade das obras, en aplicación do principio de proporcionalidade na actuación administrativa.*

Quinto. *Non son necesarias outras autorizacións sectoriais para a intervención solicitada.*

Segundo. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D^a. MARÍA DOLORES FORJÁN VARELA licenza municipal de obras para limpeza de cuberta de inmoble sito no lugar de Escravitude nº 21, con referencia catastral 8770901NH2378S0001JL, expediente 92/2016/LU, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados, nos termos expresados no presente informe.

Segundo. En base ó establecido no 357.4 do RLS, fanse constar os seguintes datos da licenza concedida:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL FAMILIAR EN EDIFICACIÓN INTENSIVA (URFI), solo urbano consolidado conforme o réxime transitorio da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Limpeza de cuberta de vivenda.
- c) Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
- d) Contía na que se orzan as obras: 390,00 euros. (sen IVE)
- e) Situación e emprazamento das obras: Lugar de Escravitude nº 21, Padrón.
- f) Nome ou razón social do promotor: D^a. María Dolores Forján Varela
- g) Técnico autor do proxecto e director das obras: non procede.
- h) Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán comezarse e terse rematadas no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto administrativo que outorgue a licenza. No tocante á caducidade das licenzas, estarase ao disposto polo artigo 145 da Lei do Solo de Galicia.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Quinto. Dar traslado ao técnico municipal de xestión económica aos efectos de proceder á liquidación dos tributos que resulten de aplicación.

Sexto. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Sétimo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

7.- SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE BAIXANTES E CANALÓNS EN INMOBLE SITO NA RÚA CALEIXÓN DE DÚAS SAÍDAS Nº 8, FORMULADA POLA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CALEIXÓN DE DÚAS SAÍDAS 8. EXPEDIENTE 156/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 7 de setembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7698, formulario de solicitude de licenza de obras de substitución de baixantes e canalóns en inmovible sito na rúa Caleixón de dúas Saídas nº 8, con referencia catastral 7919201NH2371N0001UU, formulada por D. Antón Sande Iglesias en representación da Comunidade de Propietarios Caleixón de Dúas Saídas 8. Achégase coa solicitude orzamento da intervención, fotografías da fachada do inmovible e plano de situación, así coma copia de acordo da Comunidade de Propietarios.

Segundo. En data 3 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe técnico referindo a compatibilidade das obras co PXOM e a necesidade de contar con autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Terceiro. En data 5 de outubro de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo para a tramitación da preceptiva autorización sectorial previa.

Cuarto. En data 14 de marzo de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2208, resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 10 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas.

Quinto. En data 17 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Tendo en conta o exposto nos informes técnicos municipais de datas 10 e 28 de febreiro de 2017, e o informe xurídico de data 6 de marzo de 2017 que son asumidos por esta resolución coma motivación, conforme o disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do informe xurídico que se transcribe a continuación:

Primeiro. Debemos efectuar unha precisión relativa á tramitación da obra coma licenza municipal de obras. O inmovible obxecto de actuación se atopa incluído dentro do ámbito dun Ben de Interese Cultural con categoría de paraxe pintoresca constituído polo Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a Casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Inia Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín da Vila de Padrón.

Dado que os bens de interese cultural ou emblemáticos incluídos no conxunto definido coma paraxe pintoresca son precisamente a casa de Rosalía de Castro, o Xardín botánico... e non o resto das edificacións, resulta excesivo considerar cada inmovible dos incluídos dentro do ámbito da devandita paraxe pintoresca como un ben de interese cultural en si, circunstancia que en virtude do disposto polo artigo 142.2 b) da LSG e o artigo 351.1 b) do RLSG implicaría a súa tramitación coma licenza municipal. Entendemos que procede para estes inmovibles sitos no casco histórico e que forman parte do entorno do

Ben de Interese Cultural a tramitación das intervencións menores conforme o réxime de comunicación previa.

Agora ben, de este sistema se deriva unha cuestión de orde procedimental. A comunicación previa para resultar completa e eficaz debe contar con tódalas autorizacións sectoriais doutras administracións. Nembargantes, a emisión da autorización sectorial pola Consellería de Cultura, igual que outras autorizacións coma a da Demarcación de Estradas do Estado, requiren da emisión dun informe previo de compatibilidade polo Concello, polo que non resulta posible para o solicitante a tramitación da autorización pola súa conta para a aportación posterior ao Concello xunto coa comunicación previa de obras.

Na actualidade se ten implementado un sistema segundo o cal o solicitante con carácter previo á presentación da comunicación previa pode iniciar o procedemento polo cal se lle remite o informe técnico municipal á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e posteriormente unha vez se conta coa autorización se presenta a comunicación previa que desta forma é completa e hábil dende a súa presentación.

No caso que nos ocupa, a solicitude de licenza tivo entrada con carácter previo á implementación do referido sistema. Entendemos que non resulta procedente neste punto da tramitación requirir a presentación da referida comunicación previa dado que ambos títulos, a licenza municipal de obras e a comunicación previa, son títulos habilitantes para as obras de natureza municipal cos mesmos efectos xurídicos.

Segundo. Polo exposto, entendemos que procede neste punto plantexar o xeito de reconducir a tramitación do expediente de xeito que éste discorra polo procedemento establecido. O artigo 146.1 da Lei do Solo de Galicia refire a documentación a achegar xunto coa comunicación previa.

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Substitución de canalóns e baixantes existentes en PVC por outros novos en cinc.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. O informe técnico municipal determina a compatibilidade da intervención coa normativa urbanística de aplicación, remitíndonos ao mesmo neste apartado.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 10 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE NÚCLEO ANTIGO (URNA), conforme o PXOM do



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. O inmovible obxecto de actuación se sitúa dentro de protección dun Ben de Interese Cultural (BIC) establecida polo Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara Paraxe Pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia e o cemiterio de Adina.

A inclusión nun conxunto histórico calificado coma BIC conleva a obriga de contar co informe favorable da Comisión Territorial de Patrimonio da Consellería de Cultura, conforme ó establecido no artigo 47.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia. No presente suposto cóntase coa resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 10 de marzo de 2017, que autoriza as obras solicitadas. A intervención, polo tanto, non contravén os parámetros urbanísticos ou de conservación do inmovible.

Quinto. Non son necesarias outras autorizacións sectoriais para a intervención solicitada.

Segundo. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar á Comunidade de Propietarios edificio Caleixón de Dúas Saídas nº 8 licenza municipal de obras de substitución de baixantes e canalóns en inmovible sito na rúa Caleixón de dúas Saídas nº 8, con referencia catastral 7919201NH2371N0001UU, expediente 156/2016/LU, conforme os orzamentos e memoria explicativa achegados.

Conforme o disposto polo artigo 357.6 do Regulamento da Lei do Solo, resulta indispensable dispor xunto á obra de copia autorizada da licenza municipal.

Segundo. En base ao artigo 357.4 do Regulamento da Lei do Solo establececese o contido mínimo do acto polo que se conceda a licenza, que, de acordo ao informe técnico e ao disposto no artigo 145.1 da LSG en relación aos prazos de caducidade das licenzas de obras, para a presente solicitude será:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO RESIDENCIAL EN NÚCLEO ANTIGO (URNA)
2. Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: substitución de canalóns e baixantes en inmovible residencial.
3. Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: os existentes.
4. Orzamento de execución material: 1.061,00 euros. (sen IVE)
5. Situación e localización das obras: rúa Caleixón de dúas Saídas nº 8 Referencia catastral: 7919201NH2371N0001UU
6. Nome ou razón social da persoa promotora: Comunidade de Propietarios edificio Caleixón de dúas Saídas nº 8.
7. Técnico autor do proxecto: Non procede.
8. Técnico director das obras: Non procede.

9. Prazos para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 145 da Lei do Solo de Galicia e o 359 do Regulamento da Lei do solo. Os citados prazos son prorrogables previa petición expresa formulada perante o Concello antes da conclusión do prazo inicialmente conferido.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoitado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación.

Oitavo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Noveno. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 21 de marzo de 2017 nos termos expresados anteriormente.

8.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE PINTADO DE FACHADA E INTERIOR DE LOCAL SITO NA RÚA LONGA Nº 38, FORMULADA POR DON JOSÉ MARÍA FROIZ PRIETO. EXPEDIENTE 117/2016/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 21 de marzo de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 4 de xullo de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5926, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de pintado de fachada e interior de local sito na rúa Longa nº 38, con referencia catastral 7919306NH2371N0001TU, formulada por D. José María Froiz Prieto. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, fotografías da fachada do inmovible e plano de situación.

Segundo. En data 3 de outubro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe técnico referindo a compatibilidade das obras co PXOM e a necesidade de contar con autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Terceiro. En data 5 de outubro de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xunto con copia do expediente administrativo para a tramitación da preceptiva autorización sectorial previa.

Cuarto. En data 14 de marzo de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2206, resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 10 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Quinto. En data 16 de marzo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Sexto. En data 17 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de pintado de fachada e interior de local sito na rúa Longa nº 38, con referencia catastral 7919306NH2371N0001TU. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario venen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Referidas na comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa. Pintura da fachada principal do inmovible en cor gris e pintado interior.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa

asinado pola solicitante.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriales cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 10 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adotar as medidas de constrictamento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE NÚCLEO ANTIGO (URNA), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estimase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adotar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de

